

Isabel Zendal Gomez.

Isabel Zendal Gómez.

Nada na Agrela (Parada, Ordes) o 26 de febreiro de 1773 e finada en México, foi unha enfermeira e reitora do Hospital de Caridade da Coruña. Participou na Real Expedición Filantrópica da Vacina de Francisco Xavier Balmis coidando dos 22 nenos da Casa de Expósitos da Coruña con idades de entre 3 e 9 anos que foron a América e dos 26 que foron a Filipinas durante os 10 anos que durou a expedición para levar a vacina da varíola aos territorios españois de ultramar.



Agrela na parroquia de Parada.

Existen 35 versións do seu nome e dise que naceu en Euskadi e Irlanda. Era a maior de tres irmáns: Juan e Francisca Antonia. O seu pai Jacobo Zendal era da parroquia de Santa Cruz de Montaos e a súa nai María

Gómez da parroquia de Parada, labregos pobres. Isabel aprendeu a ler e escribir na escola da parroquia sendo a única nena que ía ás clases. Cando a súa nai morreu de varíola tiña 13 anos tendo que marchar á Coruña a servir.

O 31 de xullo de 1793 naceu o seu fillo Benito. Isabel con 20 anos comezou a traballar no Hospital de Caridade da Coruña que fora fundado por Teresa Herrera, primeiro de axudante e despois de reitora. O 24 de marzo de 1800 tiña un soldo mensual de 50 reais e o pago en especie dunha libra diaria de pan feito con fariña fina, de primeira peneira. Dende maio de 1801 recibe media libra diaria de pan para o seu fillo e, dende agosto, media libra de carne ao día.

O 30 de novembro de 1803 sae dende o porto da Coruña a expedición que levaría a vacina da Varíola a América con 37 persoas na corbeta María Pita. Isabel Zendal Gómez deixa o seu posto no hospicio para facerse cargo dos 22 nenos que levarán a vacina. Son seis nenos vindos da Casa de Desamparados de Madrid e os outros 11 do Hospital de Caridade da Coruña e 5 de Santiago. A vacina debía ser levada por nenos que non tiveran padecido a varíola e pasada de un neno a outro cada 9



ou 10 días. Nenos entre os que está o seu fillo Benito Vélez de nove anos, As normas da expedición indicaban claramente o coidado que os nenos debían recibir. Ningún deles volveu a Galiza.

"...serán bien tratados, mantenidos y educados, hasta que tengan ocupación o destino con que vivir, conforme a su clase y devueltos a los pueblos de su naturaleza, los que se hubiesen sacado con esa condición"(Normas que regulaban cuestións da Real Expedición).

Cada neno recibiu un feixe que contiña: dous pares de zapatos, seis camisas, un sombreiro, tres pantalóns cas súas respectivas chaquetas de lenzo e outro pantalón máis de pano para os días máis fríos. Para o aseo persoal, tres panos de pescozo, outros tres de nariz e un peine; e para comer, un vaso, prato e un xogo completo de cubertos^[3]. O uniforme do Xardín Botánico de Madrid.

A expedición chega a Santa Cruz de Tenerife onde pasan un mes vacinando. A expedición sae de Canarias o 6 de xaneiro de 1804, chegando a Puerto Rico o 9 de febreiro de 1804. O 7 de febreiro de 1805 sae a expedición rumbo a Filipinas cun grupo de 26 nenos mexicanos entre os que está o fillo de Isabel chegando a Manila o 15 de abril de 1805. O 14 de agosto de 1809 volta a expedición a Acapulco. Isabel queda en Puebla co seu fillo, xa non volverían a España.

"La mísera Rectora que con el excesivo trabajo y rigor de los diferentes climas que hemos recorrido, perdió enteramente su salud, infatigable noche y dia ha derramado todas las ternuras de la más sensible Madre sobre los 26 angelitos que tiene a su cuidado, del mismo modo que lo hizo desde A Coruña y en todos los viajes y los ha asistido enteramente en sus continuadas enfermedades (Balmis, Macao,1806)

Recoñecementos



Monumento de Acisclo Manzano no Parrote, no porto da Coruña, en homenaxe aos nenos orfos que partiron na expedición.

- En 1950 a Organización Mundial da Saúde (OMS) recoñece a Isabel Zandal Gómez como a **primeira enfermeira da historia en misión internacional**.
- Dende 1974 o goberno de México da o Premio Nacional de Enfermaría *Cendala Gómez*, na súa honra.
- A Escola de Enfermería de San Martín de Texmelucan en Puebla leva o seu nome.
- O concello da Coruña deu o nome *Isabel López Gandalia* a unha rúa da cidade.
- Co gaio do 200 anos da expedición a Domus da Coruña adicou un monumento co nome dos 22 nenos da expedición.
- Unha escultura de Acisclo Manzano inaugurada na Coruña o 30 de novembro de 2003 lembra a saída dende o porto da expedición.
- Isabel Zandal Gómez foi proposta como filla predilecta do concello de Ordes.
- Recentemente, Javier Moropublicou una novela eu narra a aventura da expedición de Balmis.